

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

- 13494** *Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.*

I

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, á vista da tendencia ascendente no número de casos diagnosticados e ao incremento da presión asistencial vinculada á atención desta patoloxía. Mediante este real decreto establecéronse medidas de diversa natureza para facer fronte á expansión do virus. En primeiro lugar, estableceuse, con excepcións, a limitación da libre circulación das persoas en horario nocturno, co fin de evitar ao máximo a expansión da infección durante ese período de tempo, dado que nesa franxa horaria se produciron moitos dos contaxios nestas últimas semanas.

Neste sentido, boa parte dos encontros de risco prodúcense en horario nocturno, de acordo coa información facilitada polas comunidades autónomas, o que reduce substancialmente a eficacia doutras medidas de control implementadas. Por ese motivo, a restrición da mobilidade nocturna considérase unha medida proporcionada cun potencial impacto positivo no control da transmisión, ao evitarse situacións de contacto de risco vinculadas a encontros sociais.

Así mesmo, previuse a posibilidade de limitar a entrada e saída dos territorios das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, así como de ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferior, con certas excepcións, co propósito de reducir substancialmente a mobilidade do virus. Ademais, estableceuse a posibilidade de limitar a permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados. Así, perséguese a redución da mobilidade social de maneira significativa e, por tanto, preténdese deter a expansión da epidemia. Finalmente, previuse a posibilidade de que as comunidades autónomas poidan impor a realización de prestacións persoais obrigatorias no ámbito dos seus sistemas sanitarios e sociosanitarios, sempre que isto resulte imprescindible para responder á situación de emerxencia sanitaria.

II

No momento actual, en España as elevadas cifras de incidencia desta enfermidade, moi superiores ao limiar de alto risco establecido polos estándares europeos, acompañanse dunha preocupante tendencia ascendente. A modo de exemplo, os datos dispoñibles en 22 de outubro indicaban unha incidencia acumulada de 349 casos por 100.000 habitantes en 14 días, mentres que en 26 de outubro este indicador ascendera até os 410 casos por 100.00 habitantes. Este acelerado empeoramento reflíctese tamén nos indicadores asistenciais de forma que, para o mesmo período do 22 ao 26 de outubro, a porcentaxe de camas de hospitalización pola COVID-19 ascendeu do 12% ao 14% e a ocupación media de camas de unidades de coidados intensivos por esta patoloxía incrementouse do 22,48% ao 24,24%. Esta situación require a adopción urxente de medidas de control que eviten calquera impacto negativo desta situación sobre a atención sanitaria a outras patoloxías diferentes da COVID-19 e preveñan desde un primeiro momento calquera risco de potencial colapso do sistema asistencial.

En efecto, as medidas de carácter extraordinario de control da pandemia deben agora intensificarse sen demora, á vista da evolución da epidemia para previr e conter os contaxios, e mitigar así o impacto sanitario, social e económico que esta provoca. O obxectivo debe ser que ese impacto sexa o menor posible ao longo de varios meses, polo que as disposicións que ofrecen cobertura a estas medidas deben ofrecer a estabilidade suficiente a curto e medio prazo para que así sexa.

Debe terse en conta que o descenso dos indicadores epidemiolóxicos, cando estes se encontran en niveis altos ou moi altos, se produce tras un tempo suficiente de implementación das medidas necesarias. Neste sentido, a Organización Mundial da Saúde manifesta que resulta prudente planificar a aplicación das ditas medidas para varios meses, con base na experiencia previa en distintos países.

A diferenza da primeira onda, enfrontámonos a un período estacional que favorece a transmisión do virus SARS-CoV-2. Tradicionalmente, os meses de outono e inverno caracterízanse pola alta frecuentación dos servizos asistenciais, en parte, por patoloxías causadas por outros virus respiratorios, como a gripe. Segundo datos do Ministerio de Sanidade, danse en España arredor de 13 millóns de infeccións respiratorias cada ano, cunha importante concentración entre os meses de decembro e marzo. Deste modo, os casos diarios de infeccións respiratorias agudas do tracto superior, así como as bronquites, bronquiolites agudas, gripes e as pneumonías que chegan aos servizos de atención primaria, unha parte dos cales requiren posteriormente ingreso hospitalario, crecen de maneira moi importante no primeiro trimestre do ano. Neste período chegan a alcanzarse cifras superiores aos 63.000 casos diarios de infección respiratoria aguda do tracto superior, 18.000 de bronquites ou bronquiolites aguda, outros tantos de gripe e case 2.000 de pneumonía, nestes últimos casos, ademais, cunha importante afectación a persoas maiores.

Esta presión asistencial concentrada nun período de tempo moi concreto verase previsiblemente incrementada pola circulación do novo coronavirus, podendo xerarse, en ausencia de medidas estritas como as formuladas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, situacións de sobrecarga da capacidade asistencial e de tensionamento dos servizos de atención primaria e hospitalaria, que poderían impactar moi negativamente sobre a atención sanitaria a outras patoloxías diferentes á COVID-19. A este respecto convén insistir en que os indicadores asistenciais relacionados coa atención á COVID-19 alcanzaron xa un nivel preocupante na maioría do territorio nacional.

En definitiva, dada a tendencia ascendente no número de casos, a evolución esperada nos próximos meses, cunha climatoloxía adversa que reduce a posibilidade de desempeñar actividades en espazos abertos, e a situación de posible sobrecarga do sistema asistencial, que podería chegar até ben entrada a primavera se non se actúa con instrumentos apropiados para frear a propagación da enfermidade, considérase necesario e proporcionado estender a aplicación de medidas que demostraron ser eficaces para reducir situacións de risco de transmisión e frear os contaxios, como as contidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, durante un período de seis meses, ao considerar que este prazo de tempo ofrece a maior seguridade posible para poder protexer adecuadamente a saúde da poboación coa información dispoñible nestes momentos.

Por outro lado, hai que ter en conta que estamos nunha situación inédita, na cal as autoridades sanitarias nacionais e da Unión Europea están liderando os esforzos para lograr con éxito un tratamento e unha vacina eficaz e segura que permita facer fronte á pandemia. O proceso até chegar a vacinas eficaces resulta de gran complexidade, o cal fai difícil que se poidan alcanzar altas coberturas que garantan a inmunización suficiente para controlar a transmisión comunitaria do virus nos próximos seis meses.

III

O artigo 4 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé a finalización do estado de alarma ás 00.00 do día 9 de novembro de 2020, tempo que é insuficiente, segundo se explicou, para lograr os obxectivos pretendidos.

O mantemento do estado de alarma durante ese período non suporá automaticamente a aplicación de todas as medidas en todo o territorio nacional, senón que, en función da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, cada autoridade competente delegada determinará a modulación, flexibilización ou suspensión das medidas no seu ámbito territorial.

O artigo sexto.dous da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, prevé que a declaración de estado de alarma se pode prorrogar exclusivamente con autorización expresa do Congreso dos Deputados, que poderá establecer o alcance e as condicións vixentes durante a prórroga.

Mediante Acordo do Consello de Ministros, do 27 de outubro de 2020, o Goberno solicitou do Congreso dos Deputados autorización para prorrogar o estado de alarma declarado mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, co fin de garantir a eficaz xestión da emerxencia sanitaria e conter a propagación da enfermidade, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

O Pleno do Congreso dos Deputados, na súa sesión do día 29 de outubro de 2020, acordou conceder a autorización requirida nos termos recollidos na resolución do mesmo día, pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Na súa virtude, ao abeiro do previsto polo artigo 116.2 da Constitución española, e de conformidade co disposto no artigo sexto.dous da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, e do ministro de Sanidade, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de novembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Prórroga do estado de alarma.*

Queda prorrogado o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Artigo 2. *Duración da prórroga.*

A prórroga establecida neste real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 até as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e nos decretos que, se for o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do que se establece nas disposicións seguintes.

Disposición transitoria única. *Eficacia da limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno.*

A medida prevista no artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, conservará a súa eficacia, nos termos previstos con anterioridade ao comezo da prórroga autorizada, mentres que a autoridade competente delegada que corresponda non determine, de acordo co artigo 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, a súa modulación, flexibilización ou suspensión.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.*

Modifícase o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, nos termos que se recollen nos números seguintes:

Un. O artigo 9 queda redactado como figura a continuación:

«Artigo 9. *Eficacia das limitacións.*

As medidas previstas nos artigos 5, 6, 7 e 8 serán eficaces no territorio de cada comunidade autónoma ou cidade con Estatuto de autonomía cando a autoridade competente delegada respectiva así o determine á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13. A eficacia da medida non poderá ser inferior a sete días naturais.

A medida prevista no artigo 6 non afecta o réxime de fronteiras. Sen prexuízo do anterior, no caso de que a dita medida afecte un territorio con fronteira terrestre cun terceiro Estado, a autoridade competente delegada comunicarallo con carácter previo ao Ministerio do Interior e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.»

Dous. O artigo 10 queda redactado como figura a continuación:

«Artigo 10. *Flexibilización e suspensión das limitacións.*

A autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía poderá, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 5, 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine. A regresión das medidas até as previstas nos mencionados artigos farase, se for o caso, seguindo o mesmo procedemento.»

Tres. O artigo 14 queda redactado como figura a continuación:

«Artigo 14. *Rendición de contas.*

O presidente do Goberno solicitará a súa comparecencia ante o Pleno do Congreso dos Deputados, cada dous meses, para dar conta dos datos e xestións do Goberno de España en relación coa aplicación do estado de alarma.

O ministro de Sanidade solicitará a súa comparecencia ante a Comisión de Sanidade e Consumo do Congreso dos Deputados, con periodicidade mensual, para dar conta dos datos e xestións correspondentes ao seu departamento en relación coa aplicación do estado de alarma.

Así mesmo, transcorridos catro meses de vixencia desta prórroga, a conferencia de presidentes autonómicos poderá formular ao Goberno unha proposta de levantamento do estado de alarma, logo de acordo favorable do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde á vista da evolución dos indicadores, sanitarios epidemiolóxicos, sociais e económicos.»

Catro. A disposición adicional única pasa a ser «Disposición adicional primeira».

Cinco. Engádesse unha nova disposición adicional segunda, redactada como figura a continuación:

«Disposición adicional segunda. *Tratamento dos enclaves.*

Durante a vixencia do presente estado de alarma causado pola COVID-19 e para os seus efectos, aqueles municipios que constitúen enclaves recibirán o tratamento propio da provincia que os circunda, sen que sexa obstáculo que esta pertenza a unha comunidade autónoma distinta á daqueles.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 9 de novembro de 2020.

Dado en Madrid o 3 de novembro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO